

I CERTAME LITERARIO “ESTHER DOURADO”.

BASES

1.- O CEP Pilar Maestú Sierra co obxecto de fomentar a creación literaria entre o alumnado de A Pobra, organiza o I Certame Literario “Esther Dourado” nas modalidades de debuxo e conto. Con esta denominación preténdese salientar a figura desta profesora, amante da lectura, recentemente falecida, que adicou 22 anos da súa vida a formar a distintas xeracións deste centro.

2.- Poderá concorrer o alumnado dos centros de ensino infantil, primario e secundario do Concello de A Pobra.

3.- As obras estarán escritas en lingua galega, serán inéditas e de tema libre.

4.- Cada participante poderá presentar un único traballo.

5.-Categorías e modalidades:

DEBUXO (poderá levar un breve texto):

Categoría A: alumnado de infantil

*Modalidade do debuxo: tamaño máximo DIN A4 ou similar, calquera técnica.

NARRATIVA:

Categoría B: 1º e 2º de primaria.

*Modalidade conto: máximo 2 folios. Pode levar ilustracións.

Categoría C: 3º e 4º de primaria.

*Modalidade conto: máximo 3 folios.

Categoría D: 5º e 6º de primaria.

*Modalidade conto: máximo 5 folios.

Categoría E: 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

*Modalidade relato: máximo 10 folios.

6.- Premios. Os premiados/as recibirán un diploma acreditativo e...

DEBUXO:

Os tres primeiros clasificados da categoría A recibirán como premio material escolar.

NARRATIVA:

Os primeiros clasificados das categorías B,C e D recibirán un vale de 60 € , os segundos clasificados das mesmas, un vale de 50 € , e os terceiros clasificados das mesmas un vale de 30 € , para mercar en calquera librería ou tenda de deportes do concello.

Categoría E: relato: 1º premio vale por 100 €, 2º premio vale por 60 €, para mercar en calquera librería ou tenda de deportes do concello.

7.- Os textos presentados polo alumnado de primaria poderán vir escritos a man. Os textos dos alumnos de secundaria deberán vir impresos por unha cara a 1,5 espazos con letra Arial e tamaño 12.

8.- O xurado poderá declarar deserto algún premio ou concedelos “ex aequo”.

9.- Os traballos deberán presentarse antes do 4 maio de 2012 no CEP Pilar Maestú Sierra (Cadreche - A Pobra do Caramiñal). As obras deberán conter soamente o título, carecendo de detalles que poidan identificar ao autor/a. Acompañando aos orixinais nun sobre pechado incluíranse no interior os datos do autor: nome, apelidos, enderezo, teléfono e centro educativo. No exterior do sobre indicárase o título da obra, a categoría e a modalidade á que se presenta.

10.- Os traballos premiados quedarán en propiedade do CEP Pilar Maestú Sierra, que terá dereito a editalas. Os autores quedan libres para reproducir e utilizar os traballos do xeito que estimen oportuno. Os traballos non premiados poderán ser retirados durante o mes seguinte á data do fallo do xurado.

11.- O feito de participar supón a aceptación destas bases.